- Proporcionarlle ao alumnado unhas bases teóricas sólidas para o coñecemento e a reflexión do código lingüístico e de calquera outro aspecto do temario.

- Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
- Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais (no presente curso, sempre serán en formato dixital a través da Aula virtual (foros) e/ou da plataforma para videoconferencias), que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- Lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
- Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.

Ademais súmanse as explicacións pertinentes do profesorado dirixidas á clase como presentación do tema que se trate nese momento, ás que os alumnos e alumnas deberán prestar toda a atención, precísanse doutros métodos de traballo que son igualmente interesantes para avanzar con éxito no proceso de ensino/aprendizaxe.

Neste proceso é necesario a formación individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxe.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a atención ás intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado.

Concretar as indicacións metodolóxicas establecidas no currículo para o nivel e áreas/materias. Debe terse en conta que o currículo establece claramente como debe ser a metodoloxía a empregar nas aulas, polo que neste apartado do que se trata é de establecer como se «aplicarán» na aula, de forma práctica, estes principios metodolóxicos de obrigado cumprimento.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Traballamos con E-Dixgal e faremos uso das distintas editoriais que son recollidas pola plataforma. Ademais dos libros dixitais para o alumnado, dispoñemos doutros recursos e materiais (de creación propia das docentes, proporcionados polas editoriais ou en liña).

Temos en 1º de ESO, que se acolle ao programa E-Dixgal, na propia plataforma ferramentas e recursos didácticos que van máis alá daqueles que tradicionalmente vinculamos a un libro de texto: foros, exercicios interactivos, test dixitais...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso realizarase unha proba ou unha observación sistemática na aula para a avaliación inicial, co obxectivo de verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso, para saber cal é a situación media da aula e para detectar posibles necesidades de reforzo, apoio ou outras medidas.

Así mesmo, tamén nas primeiras semanas, o Departamento de Orientación convoca o profesorado de cada curso a unha sesión de avaliación inicial, ou avaliación cero, isto é: posta en común de informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesorado, información recadada na avaliación inicial de cada materia etc.

Estas dúas medidas axudan a coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas axeitadas.

AVALIACIÓN INICIAL DEPARTAMENTO LINGUA GALEGA E LITERATURA

PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS TEMPORIZACIÓN

Observación sistemática Escalas de observación.

Listas de control.

Diario de clase. Desde o inicio do curso ata a reunión de avaliación cero

Probas específicas Probas obxectivas con diferente grao de dificultade en función do curso. 1ª semana do curso

Cuestionarios Con preguntas pechadas e abertas para coñecer os seus hábitos lingüísticos. Durante o primeiro trimestre

Cuestionarios Con preguntas pechadas e abertas para coñecer hábitos, afeccións, potencialidades. Durante o primeiro trimestre

Análise dos resultados da avaliación cero Reunión co Departamento de Orientación.

Avaliación, titor/a e grupo de profesores. No primeiro trimestre

Información ás familias Reunión individual para os casos concretos e solicitude do seu consentimento. No primeiro trimestre

Canto ao modelo desta avaliación inicial, no Departamento de Lingua Galega e Literatura emprégase un tipo de proba bastante semellante en todos os cursos; dado que a aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, os contidos, as competencias e os obxectivos para cada un dos cursos só se distinguirán no grao de profundidade en que sexan traballados polo docente e no grao de autonomía que deberá mostrar o alumnado. Así pois, na proba cambia o grao de dificultade en relación ao nivel de aprendizaxe no que se atopa cada alumno/a e acostuma constar, basicamente, de dúas partes:

- avaliación da competencia comunicativa: actividades de comprensión e expresión a partir dun texto (habitualmente escrito, pero tamén pode ser oral);
- preguntas sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores: cuestións gramaticais, lingua e sociedade e literatura.

A avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo.

Para coñecer máis en profundidade o grupo clase, e co obxectivo de planificar actividades conxuntas coa Augateca e co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, pasaremos dous modelos de cuestionarios en dous momentos ao longo do primeiro trimestre:

- Cuestionario A: cuestións de tipo máis persoal que axuden a descubrir as potencialidades do alumnado: as súas calidades, preferencias e afeccións para telas en conta á hora de deseñar actividades, lecturas, traballos etc.
- Cuestionario B: breve cuestionario sobre o uso da lingua galega en diferentes ámbitos: familiar, educativo etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	5
Proba escrita	55	30	40	40	50	45	50	45	60	35
Táboa de indicadores	45	70	60	60	50	55	50	55	40	65

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	100
Proba escrita	15	44
Táboa de indicadores	85	56

Criterios de cualificación:

1. Probas obxectivas : 60 % Farase, como mínimo, unha proba escrita en cada avaliación sobre os contidos de lingua e literatura. A nota das probas obxectivas calcularase facendo a media aritmética de ditas probas. [As incorreccións gramaticais e ortográficas, así como as cuestións relativas ao descoido do estilo lingüístico, descontarán puntuación.]
2. Oralidade 15 % Este apartado desagregase do seguinte xeito:
10% ¿ proba oral específica (con preparación previa)
5% ¿ intervencións orais espontáneas (valorarase a participación activa nas clases)
A nota da oralidade sumarase a partir do 0,5. Con menos nota non se ten en conta este apartado na nota da avaliación.
3. Lecturas 10 % O alumnado debe ler unha obra literaria en cada avaliación, que será avaliada mediante un control de lectura (escrito ou oral) ou un traballo proposto. Estas probas valorarán a comprensión da obra e a expresión escrita ou oral á hora de comentala.
[Co fin de fomentar a lectura, poderanse facer lecturas voluntarias, que serán valoradas positivamente: outorgarase ata 0¿50 puntos por lectura, permitíndose ata un máximo de 1 punto en cada avaliación, que só se suman a partir do 4,5]
4. Intervencións voluntarias, resolución de exercicios, traballos 15 % Valorarase a participación na aula: a atención ás explicacións; a realización adecuada das tarefas encomendadas, a intervención activa na resolución de exercicios e cuestións na aula (ou nos foros e videoconferencias, se fose o caso).

Consideracións relativas á corrección lingüística na ESO

Nas probas escritas poderá descontarse por erros ortográficos e gramaticais como os seguintes: uso de tempos verbais compostos, mala colocación do pronome persoal átono, solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y¿) , acentuación diacrítica e non-diacrítica, solucións alleas ao estándar vixente etc.

Criterios de recuperación:

- ¿ A nota de cada unha das tres avaliacións será a suma de todas as porcentaxes anteriores.
- ¿ No caso de que un alumno/a non supere a proba escrita e a cualificación da avaliación non se vise compensada cos outros instrumentos de avaliación, poderá facer unha proba de recuperación. Para dar a avaliación por recuperada, debe acadar unha nota igual ou superior a 5 puntos. Esta nova cualificación é a que se terá en conta para calcular a nota media na convocatoria ordinaria. Se non conseguise recuperar a materia pero si superar a nota obtida na avaliación ordinaria, terase en conta a nota máis alta para calcular a media dos tres trimestres a final de curso.
- ¿ A cualificación final da convocatoria ordinaria obterase da media das tres avaliacións. Considérase aprobada se o alumno/a consegue un mínimo de 5 puntos.
- ¿ Na convocatoria final realizarase unha única proba escrita sobre os contidos traballados durante o curso. Esta proba apróbese cun mínimo de 5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Aqueles alumnos/as que promocionaron ao curso seguinte pero non aprobaron a materia de Lingua Galega e Literatura serán obxecto, ao longo do curso, dun seguimento levado a cabo polo profesor ou profesora do Departamento que imparta a materia no grupo-clase ao que pertence o alumno/a.

Este profesor ou profesora informará ao alumnado sobre:

- as diferentes vías para aprobar a materia pendente,
- quen vai ser o/a responsable da avaliación,
- que contidos se van esixir,
- que actividades concretas debe realizar e en que prazos,
- cales son as datas previstas para a realización das probas.

. Alumnado da ESO coa materia pendente

Aqueles alumnos e alumnas da ESO que teñan a materia pendente dun curso anterior poderán superala por medio dalgún dos tres procedementos seguintes, que non son excluíntes:

1. Realización de dúas probas parciais a partir dunhas actividades realizadas previamente.

Cada profesor/a entregarlle ao alumnado que teña coa materia pendente nos grupos en que imparte docencia material de traballo tomando como base os obxectivos, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles indicados na correspondente programación de cada nivel. Este material estará dividido en dúas partes. O alumnado realizará este traballo, que será supervisado periodicamente polo profesor/a, e entregarao completamente feito nun prazo indicado: o primeiro grupo de actividades, no mes de xaneiro, á volta das vacacións de Nadal; e o segundo grupo, á volta de Semana Santa, no mes de abril.

Finalmente, o alumnado realizará dúas probas parciais escritas baseada nas actividades realizadas en cada unha das partes (en xaneiro e en abril). A nota final será a cualificación media das dúas probas; considérase a materia aprobada se se acada un mínimo de 5 puntos. A cualificación seralle comunicada á xefatura do departamento para que conste na acta de avaliación correspondente.

O alumnado que supere a materia por esta vía non terá que presentarse á proba final que se explica no punto 3.

2. Aprobando as dúas primeiras avaliacións do curso actual. Posto que esta materia ten, aínda que non plenamente si maioritariamente, contidos progresivos, aquel alumnado que aprobe as dúas primeiras avaliacións do seu curso actual, considerarase tamén aprobado na materia pendente. A cualificación será a media das cualificacións obtidas nesas dúas avaliacións.

3. Proba final no mes de xuño. En caso de non aprobar a materia polas anteriores vías, o alumnado poderá realizar a correspondente proba final única no mes de xuño. No que se refire aos contidos, criterios de avaliación etc. de cada nivel, remitimos ao establecido e indicado na correspondente programación dos respectivos cursos. Considérase aprobada a materia pendente se se acada un mínimo de 5 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

Neste apartado establecerase de que xeito se atenderá a diversidade na aula, entendendo como tal non só alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) ou NEE (Necesidades Educativas Especiais), senón o feito de atender a cada alumno/a segundo as súas características persoais.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión, habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos e alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor ou titora e coa orientadora do centro.

Para un correcto diagnóstico da diversidade e para poder atender as distintas necesidades de forma correcta, servirémonos de distintos recursos ou ferramentas para o tratamento da diversidade, como a rúbrica para avaliar o tratamento da diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para erradicar a violencia machista e para o uso non sexista da lingua . `Preténdese erradicar os micromachismos e os trazos machistas na lingua. Participaremos no 25 N, con lecturas axeitadas, etc.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade e a paz Preténdese tomar conciencia das desigualdades, con actividades o 30 de xaneiro , proxección de curtametraxs e lecturas comunitarias.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación na sexualidade e na saúde . Traballarase o concepto de aprender a vivir a sexualidade respectando os demais, Faranse lecturaaa axeitadas e proxección de filmes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental . Tarataremos de omentar o amor á terra. Teremos proxeccións e lecturas de fragmentos xornalísticos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Educación viaria . Tomarase conciencia de que o tránsito consiste nunha relación de convivencia. Faranse comentarios críticos e lecturas.	X							

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Educación para erradicar a violencia machista e para o uso non sexista da lingua . ` Preténdese erradicar os micromachismos e os trazos machistas na lingua. Participaremos no 25 N, con lecturas axeitadas, etc.	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade e a paz Preténdese tomar conciencia das desigualdades, con actividades o 30 de xaneiro , proxección de curtametraxs e lecturas comunitarias.	X	X	X
ET.3 - Educación na sexualidade e na saúde . Traballarase o concepto de aprender a vivir a sexualidade respectando os demais, Faranse lecturaa axeitadas e proxección de filmes.	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental . Tarataremos de omentar o amor á terra. Teremos proxeccións e lecturas de fragmentos xornalísticos.	X	X	X
ET.5 - Educación viaria . Tomarase conciencia de que o tránsito consiste nunha relación de convivencia. Faranse comentarios críticos e lecturas.			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
------------	------------	----------	----------	----------

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Ruta "Camiñadas con Castelao"	¿ Ruta ""Camiñadas por Pontevedra" pola cidade de Pontevedra e visita ao Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.			
Visita a Ribadavia.	¿ Visita a Ribadavia para coñecer a vila medieval e a historia das irmás Touza.			
¿ Asistencia a obras de teatro e cine.	¿ Asistencia a obras de teatro e cine segundo a oferta das diferentes compañías ou do Concello de Pontearreas.			
Sesións de contacontos e conferencias.	¿ Asistencia a sesións de contacontos, conferencias, charlas con axentes sociais etc. sobre temas de interese para a materia en particular e para a cultura e a arte galegas en xeral			

Observacións:

A visita a Rivadavia faise interdisciplinarmente co Departamento de Xeografía e Historia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Diagnosticar os puntos fortes e débiles.
Coñecer o punto de partida do alumnado, facilitando a adaptación do currículo e a toma de decisións respecto á organización da programación.
Regular a aprendizaxe do alumnado, a metodoloxía, o nivel de esixencia, a cantidade de contidos... en función do desenvolvemento acadado polo alumno/a.
Prever ou estimar os rendementos e desempeños do alumnado.
Reconducir os distintos elementos da formación en función do progreso do alumno/a.
Atender ás esixencias da Administración no seguimento e control da práctica docente.
Introducir propostas de mellora.

Descrición:

O proceso de ensino-aprendizaxe é dinámico e participativo. Como docentes temos que dispor de instrumentos que nos permitan ir calibrando e reaxustando as nosas debilidades e fortalezas e aqueles aspectos que o necesiten, un control permanente da calidade co fin de mellorar o proceso.

Para avalialo, cómpre realizar unha recollida sistemática de información. Para iso describiremos unha listaxe de indicadores de logro que nos permitirán observar o avance do proceso, o cumprimento da programación e a práctica docente. Este traballo de reflexión sobre o proceso de ensino e a práctica docente permitiranos:

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación didáctica é un dos aspectos fundamentais do traballo docente, xa que permite determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

A axeitada posta en marcha de mecanismos de avaliación da programación propiciará unha mellora do traballo nas aulas. Con todo, debemos ter en conta que metodoloxías, materiais, recursos ou actividades que funcionan durante un curso poden non facelo no seguinte. Para minimizar estes inconvenientes, debemos contar cun amplo repertorio de recursos e apoiarnos en metodoloxías que permitan as adaptacións curriculares que sexan precisas.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación, debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación e causas de non cumprimento, reflexión sobre as posibles situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014520	IES Plurilingüe Pedra da Auga	Ponteareas	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer progresivamente un uso ético da linguaxe, que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe a seguir avanzando no desenvolvemento de todas as competencias abordadas en primeiro curso.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais dos obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben traballar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques: O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 2º de ESO, os catro bloques concréntanse en oito unidades didácticas denominadas con nomes de animais. Cada unidade iníciase cunha breve explicación sobre a palabra referida no título, o que non só contribuírá ao coñecemento e á conservación do léxico tradicional deste campo semántico, senón que tamén propiciará a introdución doutras cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia.

Nas primeiras unidades de cada trimestre trátanse contidos de distintos bloques, mentres que a última de cada un deles se dedicará a realizar un proxecto didáctico sobre algún dos aspectos máis singulares ou salientables do nivel.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, e, de ser o caso dalgúns linguas de procedencia do alumnado.

Tendo en conta este marco, a proposta para o primeiro trimestre consistirá nun proxecto monográfico que xirará arredor do coñecemento das linguas da Península Ibérica e outros idiomas próximos ao alumnado. Entre outras actuacións, elaborárase un glosario multilingüe en formato dixital que incluírá léxico cotián en galego, portugués, castelán, catalán, éuscaro, inglés e/ou francés e, de ser o caso, nas linguas das/os estudantes de procedencia estranxeira (chinés, árabe, ruso, ucraíno...). Tamén se incorporarán, a través de códigos QR, expresións básicas (fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento, desculpa etc.) en lingua de signos. Este proxecto complementarase cun intercambio lingüístico virtual cun centro catalán, que se concretará en distintas iniciativas (exposicións orais, agasallos de fotopoemas).

O proxecto do segundo trimestre xirará arredor do libro de lectura obrigatoria (unha obra da narrativa xuvenil actual) e incluírá, entre outras actividades, a elaboración dun cómic en formato electrónico inspirado neste. Para acometer este labor, ademais de realizar un traballo colectivo sobre o cómic en galego (inicios do xénero en Galicia, autoras/es máis salientables, temáticas etc.), o alumnado deberá aprender no obradoiro de banda deseñada as características formais e os elementos constitutivos desta manifestación artística. Logo de rematar a fase de creación, realizarase un vídeo colectivo no que se explique o proceso de creación do cómic.

Finalmente, o alumnado, por parellas, deberá gravar un booktráiler ou un booktuber no que se dea a opinión sobre a obra e se recomende a súa lectura. As últimas semanas do curso destinaranse á edición dun boletín informativo que incluírá noticias, entrevistas, crónicas etc. relacionadas co centro, a comunidade educativa e os sucesos máis salientables que aconteceron ao longo de todo o curso. O traballo de redacción destes textos servirá para afondar no coñecemento dalgúns propiedades textuais e dos mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste), mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre deberán abordar temáticas diferenciadas e inserirse en distintos xéneros literarios. No primeiro proporase un poemario; no segundo, unha obra narrativa e no terceiro, unha peza teatral.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatória e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O longueirón	Logo da avaliación inicial que se realizará os primeiros días do curso, continuarase co coñecemento iniciado en primeiro de ESO dos sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e do portugués, poñendo o foco agora nas semellanzas e as diferenzas entre ambos os dous sistemas. Os contidos comunicativos xirarán arredor das secuencias narrativas e no emprego de recursos como a deixis. Aproveitaranse os textos relatados para reparar no uso coherente das formas verbais. Por outra banda, a lectura da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre (un poemario) servirá para acometer a análise dalgúns elementos constitutivos dun poema (a métrica e a rima). Este será o punto de partida para establecer as relacións internas entre estes e o sentido da obra, de modo que o alumnado sexa quen de diferenciar algúns subxéneros poéticos como a canción ou a sátira. Finalmente, en canto á reflexión sobre a lingua, afondarase no emprego das regras de acentuación e no acento diacrítico.	10	12	X		
2	O lucecú	O estudo dalgúns aspectos socioculturais relacionados con Portugal e outros países lusófonos ocupará as primeiras sesións da unidade. Non obstante, serán os contidos comunicativos e, en concreto, as secuencias textuais descritivas as que teñan maior protagonismo. Aproveitaranse as descricións propostas para incidir en aspectos ortográficos como o uso dalgúns signos de puntuación, especialmente o punto e coma e a paréntese. En relación á literatura, ademais continuar coa valoración da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre, afondarase no recoñecemento e análise dalgúns recursos expresivos e figuras estilísticas básicas. A reflexión lingüística centrarase na identificación dos distintos tipos de adverbios (lugar, tempo, modo, cantidade, afirmación, negación e dúbida) e no recoñecemento das interxeccións.	10	12	X		
3	O papagaio	Nesta unidade desenvolverase un proxecto monográfico que xirará arredor do coñecemento das linguas da Península	15	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	O papagaio	<p>Ibérica e outros idiomas próximos ao alumnado. Entre outras actuacións, elaborárase un glosario multilingüe en formato dixital que incluíra léxico cotián en galego, portugués, castelán, catalán, éuscaro, inglés e/ou francés e, de ser o caso, nas linguas das/os estudantes de procedencia estranxeira (chinés, árabe, ruso, ucraíno ...). Tamén se incorporarán, a través de códigos QR, expresións básicas (fórmulas de saúde, despedida, agradecemento, desculpa etc.) en lingua de signos.</p> <p>Ademais, realizarase un pequeno traballo sobre a poesía contemporánea escrita en galego, portugués, catalán e éuscaro. O proxecto complementarase cun intercambio lingüístico virtual cun centro catalán que se concretará en distintas iniciativas (exposicións orais, agasallos de fotopoemas).</p>	15	14	X		
4	O lagostino	<p>O coñecemento das características e a estrutura de textos propios do ámbito académico (apuntamentos, exposicións orais e escritas, mapas conceptuais) será o obxectivo fundamental desta unidade. A conmemoración do Día Escolar da Non Violencia e a Paz, o 30 de xaneiro, servirá de eixe temático para o desenvolvemento de distintas actividades, incluídas as complementarias (encontro co Valedor do Pobo).</p> <p>No que se refire á literatura proseguirase coa análise do libro de lectura obrigatoria do segundo trimestre, unha obra da narrativa xuvenil actual, e abordarase o estudo dalgúns subxéneros literarios narrativos como o conto, a novela, a fábula ou a lenda.</p> <p>En canto á reflexión sobre a lingua, atenderase especialmente ás relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos e á clasificación das oracións segundo a voz (activas e pasivas).</p>	10	12		X	
5	A toupa	<p>A análise dos textos que se difunden a través das redes sociais e dos medios de comunicación constitúe un dos aspectos máis salientables da unidade. A partir da lectura e valoración de entrevistas a persoas que manteñan distintos puntos de vista sobre temas ambientais, o alumnado establecerá un debate no que se defendan</p>	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A toupa	<p>e/ou rexeiten distintas posturas. Alén diso, cada estudante deberá realizar un comentario para un blog no que achegue a súa opinión.</p> <p>O desenvolvemento destas actividades dará pé a insistir na importancia de manter a cortesía conversacional e de aplicar as normas de etiqueta dixital. Aproveitarase este contexto para elaborar un folleto informativo que inclúa un decálogo con estas pautas.</p> <p>Canto á lectura, gravarase un booktuber no que o alumnado dará a súa opinión sobre a novela de lectura obrigatoria.</p> <p>A reflexión sobre a lingua centrarase nas relacións semánticas (sinonimia, antonimia, polisemia...) e na clasificación das oracións activas (predicativas e atributivas).</p>	10	12		X	
6	A cegoña	<p>Esta unidade desenvolverá un proxecto didáctico centrado na banda deseñada e no libro de lectura obrigatoria do segundo trimestre (unha obra da narrativa xuvenil actual) que incluírá, entre outras actividades, a elaboración en grupo dun cómic en formato electrónico inspirado nesta.</p> <p>Para acometer este labor, ademais de realizar un traballo colectivo sobre o cómic en galego (inicios do xénero en Galicia, autoras/es máis salientables, temáticas etc.), o alumnado deberá aprender no obradoiro de banda deseñada as características formais, os elementos constitutivos e os recursos expresivos desta manifestación artística. Logo de elaborar as distintas tarefas e de rematar a fase de creación, gravarase un breve vídeo explicativo sobre o proceso.</p>	15	13		X	
7	A andoriña	<p>Ao comezo da unidade estudaranse os principais trazos fonéticos e morfolóxicos do bloque e área lingüística da contorna do centro. Incidirase, así mesmo, na riqueza dialectal do galego e no rexeitamento de prexuízos lingüísticos.</p> <p>No que se refire ao bloque relacionado coa comunicación, comezarase a abordaxe e exemplificación, en textos dados, dalgunhas propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión).</p> <p>Os contidos literarios xirarán arredor do libro de lectura obrigatoria, unha peza teatral de temática feminista. A partir da</p>	15	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A andoriña	<p>análise do contido da obra dende unha perspectiva de xénero, estableceranse vínculos entre esta e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas. Aproveitarase este marco para introducir aspectos teóricos relacionados coa clasificación dos subxéneros dramáticos (comedia, traxedia, drama).</p> <p>En relación á reflexión sobre a lingua avanzaráse na identificación dalgunhas funcións sintácticas (axente, atributo, predicativo...).</p>	15	15			X
8	A vacaloura	<p>As últimas semanas do curso destinaranse á edición dun boletín informativo que incluírá noticias, entrevistas, crónicas relacionadas co centro, coa comunidade educativa e cos sucesos máis salientables que aconteceron ao longo de todo o curso. O traballo de redacción destes textos servirá para afondar no coñecemento dalgunhas propiedades textuais, particularmente, dos mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais, explicativos...); mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).</p>	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O longueirón	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as semellanzas e diferenzas máis salientables entre os sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e o do portugués.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p. ex. web do centro) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza algúns dos elementos constitutivos dunha composición sinxela do poemario de lectura obrigatoria do primeiro trimestre (métrica, rima etc.).		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado reconece algúns subxéneros poéticos sinxelos a partir da análise das relacións internas dos elementos constitutivos co sentido dunha obra (canción, sátira...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado distingue a categoría gramatical e o significado de parellas de palabras que se diferencian polo timbre aberto ou pechado da vogal tónica e sabe empregar correctamente o acento diacrítico.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado relata brevemente a experiencia escolar vivida o curso anterior (aspectos positivos e negativos), axustándose ás convencións das secuencias narrativas, expresándose con fluidez, no rexistro adecuado, empregando recursos como a deixé e usando con coherencia os tempos verbais.	TI	30
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado acode á biblioteca escolar e participa activamente nunha charla co/a autor/a do poemario de lectura obrigatoria. Tamén é quen de expresar a súa opinión sobre algún poema escollido por el ou ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
2	O lucecú	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos socioculturais básicos relacionados cos países lusófonos, tanto de Portugal como doutros países como O Brasil (sistemas políticos, manifestacións artísticas, figuras representativas da literatura, música...).	PE	80
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p.ex. un roteiro do seu concello) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado emprega correctamente os signos de puntuación, con especial atención ao punto e coma e á paréntese, no texto descritivo redactado.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante dunha poesía dada do poemario de lectura obrigatoria do primeiro trimestre.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado recoñece e valora algúns recursos expresivos e/ou figuras estilísticas presentes nun poema da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado identifica, en textos dados, distintos tipos de adverbios (lugar, tempo, modo, cantidade, afirmación, negación e dúbida). Tamén sabe recoñecer as interxeccións.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado describe unha persoa coñecida (deportista, cantante, actor/actriz...). Alén das súas características físicas, tamén debe reflectir algún trazo do seu carácter e/ou da súa personalidade.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscricións en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

UD	Título da UD	Duración
3	O papagaio	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Neste curso o alumnado elaborará tres proxectos, dous na segunda avaliación e un na terceira. Así, na cuarta unidade realizarán un proxecto de creación literaria de microrrelatos para seren despois publicados (por medio de códigos QR) nas redes sociais do EDLG. Na sexta unidade, o alumnado elaborará un proxecto de investigación consistente nunha presentación multimodal na que establecerá vínculos intertextuais entre obras galegas e lusófonas desta época en función de temas e tópicos. Por último, na novena unidade o alumnado confeccionará, en grupo, un pequeno proxecto de investigación sobre as oracións compostas por subordinación utilizando a terminoloxía lingüística vista nas unidades anteriores que expoñerá, posteriormente, perante o resto de compañeiras/os.

Neste curso non podemos vivir alleos á realidade do noso alumnado que, en xuño, se terá que enfrontar a unhas probas de prelación como son as ABAU, con repercusión no seu futuro profesional, o cal condiciona que se incida máis ou menos no desenvolvemento de determinados aspectos da programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1	<p>Veranse as principais estruturas textuais. A seguir, o alumnado elaborará un ensaio de carácter expositivo atendendo ao uso axeitado das formas verbais como procedementos de cohesión do texto, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste.</p> <p>Procederase ao estudo da Fonética e da Fonoloxía do galego. Verase a caracterización dos fonemas vocálicos e consonánticos con especial atención aos fonemas máis característicos do galego. Estudaranse os conceptos de ditongo, tritongo e hiato. Máis tarde abordaranse os conceptos de acento e entoación.</p> <p>Tratamento das variedades xeográficas ou diatópicas; das variedades sociais ou diastráticas e por último, das variedades situacionais ou diafásicas. Estudaranse as variedades dialectais do galego. Tratamento pormenorizado das variedades xeográficas da lingua galega. Estudaranse as características dos tres bloques dialectais e veranse os trazos das áreas de cada un deles.</p>	10	10	X		
2	UNIDADE 2	<p>Estudarase a estrutura e os tipos de palabras, a formación de palabras, as familias léxicas e os desvíos léxicos.</p> <p>Continuarase a unidade abordando o concepto de variedade estándar, como foi a súa fixación e cales foron as etapas de normativización ata chegarmos ao galego moderno.</p> <p>Estudaranse os conceptos de conflito lingüístico e diglosia e trataranse os estereotipos e prexuizos lingüísticos.</p>	10	10	X		
3	UNIDADE 3	<p>Nesta unidade estudaranse todos os tipos de unidades e estruturas sintácticas, con especial atención ás oracións compostas por subordinación (subordinadas substantivas, subordinadas adxectivas ou de relativo, subordinadas adverbiais). Analizarase a situación sociolingüística na actualidade. Factores que a configuran e situación legal. Traballarase cos conceptos de lingua minorizada (vs. minoritaria) e normalización.</p>	10	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	UNIDADE 3		10	9	X		
4	UNIDADE 4	Estudarse a prosa entre 1936 e 1976 (a narrativa e o ensaio). Introdución á semántica. Veranse os conceptos de significado, denotación e connotación así como as relacións semánticas: polisemia, homonimia, antonimia, as de clase e as de parte_de. No ámbito de Lingua e Sociedade estudaranse as funcións e ámbitos de uso da lingua: competencia e usos, funcións sociais e ámbitos.	10	10		X	
5	UNIDADE 5	Estudarse a situación da lingua galega entre 1900 e 1936. Abordarse tamén a literatura e o teatro no tempo das Irmandades da Fala.	10	10		X	
6	UNIDADE 6	Continuando co estudo da literatura da unidade anterior, estudarase a produción do grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos. Tamén se abordarán as vangardas e a renovación literaria galega deste período.	10	9		X	
7	UNIDADE 7	No ámbito de Lingua e Sociedade estudarase a situación da lingua galega durante o período 1936-75. No ámbito literario, estudarase a literatura galega na diáspora e a produción poética no interior ata a xeración dos 50.	10	10			X
8	UNIDADE 8	Estudarse a narrativa e o ensaio entre 1936 e 1975: a narrativa de posguerra, a Nova Narrativa Galega e o ensaio. Tamén se atenderá ao teatro deste período.	10	10			X
9	UNIDADE 9	Nesta unidade estudarase a lingua galega na actualidade: contexto e características. Na literatura atenderanse as tendencias da literatura galega actual nas súas diferentes vertentes: narrativa, ensaio, poesía e teatro.	20	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Distingue as unidades comunicativas e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia, cohesión, adecuación e informatividade).	PE	40
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o tema e a idea principal dun texto argumentativo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Elabora un escrito dando a súa opinión sobre un tema identificado nun texto argumentativo publicado na prensa recente.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece as variedades dialectais do galego. Sabe caracterizar os fonemas vocálicos e consonánticos.	TI	60
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Participa nun debate respectando as quendas e usando as normas de cortesía adecuadas.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa na aula respectando as quendas e usando as normas de cortesía adecuadas.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Realiza un esquema coas ideas principais e secundarias dun texto.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Comenta un texto argumentativo, identifica a hipótese e expón a súa opinión sobre o tema.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comenta criticamente un texto sobre un tema de actualidade nun debate guiado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros.

Contidos

- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece a variedade estándar e os desvíos da norma nun texto.	PE	45
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Identifica o tema e a hipótese dun texto argumentativo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Escolle e le unha obra literaria das propostas para este trimestre.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Elabora unha ficha sobre a lectura escollida e mantén un diálogo sobre aspectos concretos da obra.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica elementos do ámbito da linguaxe inclusiva nun texto.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Identifica as interferencias lingüísticas nun texto e corríxeas para expresarse nun galego de calidade.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Identifica os prexuízos a partir dun texto escrito ou imaxe e coméntaos dando solucións para superalos.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Comenta criticamente a mellora ou adecuación dun texto conforme a pautas de linguaxe inclusiva.	TI	55
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Participa nun debate respectando as quendas e as normas de cortesía.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recolle notas, avalía e comenta unha exposición sobre a variedade estándar e as diferentes tendencias normativas na historia da codificación do galego.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Participa nun debate guiado sobre prexuízos e estereotipos		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa na aula respectando as quenadas e as normas de cortesía.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Elabora o resumo dun texto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - estratexias. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE 3	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Participa nun debate sobre linguaxe inclusiva	PE	40
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Distingue palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas. Diferencia os procedementos de formación de palabras.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Comenta o propósito comunicativo dun texto dado.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Participa no debate sobre exposicións feitas na aula	TI	60
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha argumentación oral formal sobre un tema de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias deste xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Acode á biblioteca do seu centro para buscar textos do Grupo Nós e le algúns fragmentos das obras máis representativas. Comparte a súa experiencia lectora e establece vínculos con outras obras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración, planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas pro-prios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira cre-ativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
4	UNIDADE 4	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Coñece o proceso de normativización do galego moderno e é quen de argumentar sobre a importancia da normativización no desenvolvemento das linguas modernas.	PE	70
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Elabora un texto argumentativo sobre un tema dado.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e comenta o texto argumentativo corrixido.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Participa nalgún debate da aula.	TI	30
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utiliza variedade de conectores e evita as repeticións nun texto argumentativo sobre un tema dado.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Incorpora nun texto argumentativo de elaboración propia elementos léxicais e gramaticais propostos na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	UNIDADE 5	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Elabora un texto argumentativo expresando a súa opinión sobre un tema.	PE	60
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comenta un texto que contextualiza a sociedade galega do período literario visto na aula.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le unha obra literaria e elabora unha ficha co argumento e a súa valoración da lectura.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Domina a información sociohistórica, cultural e artística da época correspondente ao período literario visto na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Contrasta, en diferentes xornais, tanto en formato dixital coma impreso, a presenza que ten o galego e fai unha análise da súa concorrencia nas redes sociais.	TI	40
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Toma posición nun debate de maneira educada e respectuosa coas demais posturas implicadas.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Contribúe no mínimo coa elaboración dun argumento para apoiar ou refutar a hipótese sobre a que se elabora un debate.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Comenta un texto literario do período literario visto na aula.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa nun debate utilizando as normas de cortesía e respectando as quendas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.

Contidos

- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
6	UNIDADE 6	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Recoñece estereotipos e prexuízos lingüísticos en textos achegados pola/o docente.	PE	40
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Participa nun debate guiado sobre os estereotipos e prexuízos	TI	60
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Respecta as quendas e participa ordenadamente nun debate.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elabora unha presentación multimodal na que establece vínculos intertextuais entre obras galegas e lusófonas desta época en función de temas e tópicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.

UD	Título da UD	Duración
7	UNIDADE 7	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Contrasta, en manifestacións escritas, as diferenzas lingüísticas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Participa de modo ordenado e respectuoso nun debate	TI	60
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Elabora un texto argumentativo sobre un tema dado, revisa e comenta as propostas de mellora despois de corrixido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.

UD	Título da UD	Duración
8	UNIDADE 8	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le e interpreta fragmentos dunha novela do século XXI na que terá que establecer conexións con outras obras da tradición literaria galega que vimos neste curso.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Elabora un comentario literario no que utiliza información sociohistórica e cultural para interpretar esa novela e comprender o seu lugar na tradición literaria.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Contrasta os trazos lingüísticos distintivos do galego e do portugués.	TI	40
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Participa de maneira ordenada e respectando as quendas nun debate.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.

UD	Título da UD	Duración
9	UNIDADE 9	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Analiza os elementos constitutivos do teatro de 1976 á actualidade e a súa relación co sentido da obra.	PE	20
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Participa de maneira ordenada nun debate da aula.	TI	80
